

11498 REAL DECRETO LEI 9/1999, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos, durante o mes de febreiro de 1999, na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia. («BOE» 122, do 22-5-1999.)

O día 2 de febreiro produciuse un terremoto de magnitude 5,0 segundo a escala de Richter, que chegou a alcanzar nalgúns momentos a magnitude 5,2, con epicentro no termo municipal de Mula, en Murcia. Este sismo foi precedido por un terremoto de magnitude 3,5 na citada escala e seguido de múltiples réplicas de diferente intensidade que se rexistraron durante todo o mes de febreiro.

A magnitude inicial deste feito, que se viu agravado polos movementos sísmicos de días sucesivos, produciu consecuencias catastróficas nos municipios afectados, especialmente sobre as vivendas e infraestructuras da zona, e causou danos materiais a importancia dos cales esixe, desde o principio constitucional de solidariedade, unha acción inmediata dos poderes públicos que leve a cabo, en primeiro lugar, a adopción de diversas medidas paliativas e reparadoras que contribúan ó restablecemento gradual da normalidade na zona; en segundo lugar, a definición dos procedementos de coordinación e dos mecanismos de colaboración entre os órganos da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e das administracións locais afectadas, que permitan garanti-la pronta execución das ditas medidas; e, por último, determina-lo financiamento dos gastos que de tales actuacións se deriven.

A gravidade dos danos producidos nas vivendas da zona fai necesaria a aprobación de normas excepcionais en relación con estes bens e co aloxamento provisional de damnificados. A aplicación destas normas especiais comporta a inaplicabilidade das regras ordinarias que, sobre esta mesma materia, establece a orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, pola que se aproba o procedemento para a concesión de axudas en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas, modificada parcialmente pola orde do 30 de xullo de 1996.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e Ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de maio de 1999,

DISPÓN O:

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

As medidas establecidas no presente real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polos movementos sísmicos producidos durante o mes de febreiro nos municipios de Albudeite, Campos del Río e Mula, na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

Artigo 2. Axudas de emerxencia.

As axudas de emerxencia que se establecen no presente artigo terán carácter extraordinario e rexeranse polo disposto no presente real decreto lei, non sendo de aplicación para a súa concesión o establecido sobre a materia na orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia,

catástrofes e calamidades públicas, modificada por orde do 30 de xullo de 1996.

1. Aluger de vivendas e reposición de enxoval.

a) Nos supostos en que, como consecuencia do sismo, se producese a destrución total da vivenda ou ben, debido ó mal estado residual dela, fose precisa a súa demolición, os seus propietarios, no suposto de que constituíse a súa residencia habitual, poderán acceder a una vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de dezaioito meses, prorrogable, se é o caso, ata que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova; poderanse admitir outras fórmulas de realoxamento alternativas cando así resulte necesario.

b) Os que ocupasen como residencia habitual, en réxime de aluguer, vivendas que resultasen totalmente destruídas ou precisasen de demolición, poderán acceder a axudas por aluguer consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas de aluguer da anterior e da nova vivenda, por igual período de tempo ós beneficios establecidos no parágrafo anterior.

c) No suposto de que a reconstrución ou reparación da vivenda, nos termos a que se refire o punto 3 deste artigo, esixa o seu desaloxo, poderase acceder igualmente a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de doce meses, prorrogable, se é o caso, ata que sexa posible a disposición da vivenda.

d) Os que, como consecuencia dos movementos sísmicos producidos, sufrisen destrución ou danos en útiles de primeira necesidade, poderán percibir, logo da súa acreditación, unha cantidade máxima de 250.000 pesetas para a súa reposición.

2. Gastos de emerxencia.

Financiaranse, con cargo ó crédito consignado no punto 1 do artigo 7 do presente real decreto lei:

Os gastos de emerxencia en que incorresen os concellos incluídos no ámbito de aplicación do presente real decreto lei que resultasen imprescindibles e inaprazables para garanti-la vida e seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Os gastos ocasionados pola prestación persoal ou de bens ou servizos daquelas persoas físicas ou xurídicas que fosen requiridos pola autoridade competente con motivo da situación de emerxencia.

3. Reparación e reconstrución de vivendas.

Nos supostos en que, como consecuencia do sismo, se producese a destrución total da vivenda ou resultase danada, os seus propietarios, no caso de que a devandita vivenda constituíse a súa residencia habitual, poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reconstrución ou reparación, a contía da cal quedará determinada, no seu límite máximo, polo valor dos danos producidos segundo taxación pericial deles efectuada ou ratificada polo órgano competente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, sen que en ningún caso o importe da axuda poida ser superior a 6.000.000 de pesetas.

Así mesmo, poderán beneficiarse das axudas previstas para a reconstrución ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocupasen como residencia habitual, como usufructuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para efectos da súa reconstrución ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovible.

Artigo 3. *Requisitos.*

Os particulares que soliciten as axudas previstas no artigo anterior deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) Te-la súa residencia nos municipios de Albudeite, Campos del Río e Mula, e constituí-la vivenda sinistrada o seu domicilio habitual con anterioridade á produción do sinistro.

b) Xustificación, se é o caso, do importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario como consecuencia da situación da vivenda destruída ou danada.

c) Reuni-la condición de propietario, usufructuario ou arrendatario nos termos que se determinan nos puntos 1 e 3 do artigo 2 da presente norma.

d) Acreditar escaseza de recursos económicos para lles facer fronte ós gastos derivados da situación de emerxencia ou catástrofe.

Artigo 4. *Límite e compatibilidade das axudas.*

O importe das axudas que se van conceder para a reparación de danos non poderá superar en ningún caso o valor do dano taxado e a súa determinación terá en conta o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, por igual concepto, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Artigo 5. *Procedemento e financiamento.*

1. Para a valoración, determinación e contía das axudas que se lles vaian conceder a particulares, en virtude das solicitudes presentadas, por arrendamento, reconstrución ou reparación de vivendas que constituían o seu domicilio habitual e por reposición de útiles de primeira necesidade, crearase unha comisión técnica mixta copresidida polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o conselleiro de Política Territorial e Obras Públicas da devandita Comunidade Autónoma e composta por un representante da Administración xeral do Estado, un representante da Administración autonómica e un por cada unha das entidades locais aludidas no artigo 1, que se desexen incorporar a ela.

A dita comisión técnica mixta, atendendo a criterios de equidade, tras valora-los gastos e os danos acreditados e a situación económico-social de cada solicitante, elevaralle ó órgano competente para resolver proposta individualizada motivada en relación coa axuda que se solicita, así como sobre a contía que se vaia conceder en caso de proposta favorable, que en ningún caso poderá supera-los límites que se establecen para cada suposto no artigo 2 do presente real decreto lei.

A citada comisión técnica mixta poderá solicita-la información sobre a valoración dos danos e a contía das indemnizacións, que resulte necesaria, do Consorcio de Compensación de Seguros, que queda autorizado para a ceder, de acordo co disposto na letra a) do punto 2 do artigo 11 da Lei orgánica 2/1995, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal.

Así mesmo, a resolución correspondente deberá determina-lo prazo máximo de execución das obras de reparación ás que se destina a axuda. O prazo máximo para a reconstrución da vivenda será de dezaoto meses e o prazo máximo para a reparación de danos será de doce meses. Os ditos prazos poderán ampliarse por causas excepcionais que expresamente autorice a comisión técnica mixta.

2. O financiamento das axudas para reconstrución e reparación de vivendas, que se determinan no punto 3 do artigo 2, será efectuado nun 50 por 100 pola Administración xeral do Estado con cargo ó crédito que se habilita no punto 2 do artigo 7 do presente real decreto lei, e o 50 por 100 restante polas outras administracións territoriais intervenientes na citada comisión mixta, segundo os acordos que elas acaden.

3. As axudas recollidas nos puntos 1 e 2 do artigo 2 serán custeadas na súa totalidade pola Administración xeral do Estado con cargo ó crédito que se determina no punto 1 do artigo 7 do presente real decreto lei, debendo acreditarse ante o órgano competente para resolve-los gastos orixinados por medio das correspondentes facturas emitidas de conformidade co Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

Artigo 6. *Danos en infraestructuras municipais.*

1. Ós proxectos que executen as entidades locais dos municipios ós que son de aplicación as medidas extraordinarias previstas neste Real Decreto Lei, relativos a obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servicios recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, e o Estado poderalles conceder unha subvención máxima do 50 por 100 do seu custo.

2. Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propo-lo pagamento das subvencións recollidas neste artigo, con cargo ó crédito extraordinario consignado no punto 3 do artigo 7 do presente real decreto lei, así como para establece-lo procedemento para a concesión delas, o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

Artigo 7. *Crédito extraordinario.*

1. Concédese un crédito extraordinario dotado con 449.507.591 pesetas, con carácter de ampliable, no vixente orzamento de gastos do Estado, Sección 16, «Ministerio do Interior», Servicio 01, «Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais», Programa 223A «Protección Civil», concepto 484, «Para o financiamento das axudas establecidas nos puntos 1 e 2 do artigo 2 do Real decreto lei 9/1999».

2. Concédese un crédito extraordinario dotado con 1.500.000.000 de pesetas, con carácter de ampliable, no vixente orzamento de gastos do Estado, Sección 17, «Ministerio de Fomento», Servicio 09, «Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo», Programa 431A, «Promoción, administración e axudas para rehabilitación e axudas acceso a vivenda», concepto 757, «Para o financiamento das axudas extraordinarias establecidas no punto 3 do artigo 2 do Real decreto lei 9/1999».

3. Concédese un crédito extraordinario dotado con 362.711.297 pesetas no vixente orzamento de gastos do Estado, Sección 22 «Ministerio de Administracións Públicas», Servicio 03, «Secretaría de Estado para as Administracións Territoriais», Programa 912B, «Cooperación económica local do Estado», concepto 461, «Para a reparación de danos en infraestructuras de carácter local, segundo o Real decreto lei 9/1999».

4. Os créditos extraordinarios a que se refiren os puntos anteriores financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

5. Os remanentes que poidan presenta-los citados créditos ó finaliza-lo exercicio 1999 incorporaranse ó orzamento do exercicio seguinte.

Artigo 8. Beneficios fiscais.

1. Concédese, para o exercicio de 1999, exención das cotas do imposto sobre bens inmobles, que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados nos municipios de Albudeite, Campos del Río e Mula, danados como consecuencia dos movementos sísmicos acaecidos, cando se acredite, logo de informe da Comisión Técnica Mixta, que, tanto as persoas como os bens nela situados, tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. A exención das cotas no tributo sinalado no punto anterior comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre el.

3. Os contribuíntes que, tendo dereito á exención establecida no punto 1, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal, poderán pedi-la devolución das cantidades ingresadas.

4. A diminución de ingresos que as normas deste artigo produzan nos concellos comprendidos no ámbito de aplicación do presente real decreto lei será compensada mediante a imputación específica do seu importe con cargo ós recursos derivados do artigo 77 da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

5. De acordo co previsto no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, os concellos nos que se producisen danos como consecuencia dos movementos sísmicos acaecidos no mes de febreiro na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, poderán acordar, no ámbito das súas competencias, a exención da taxa por expedición de licencia de obras para reparación de vivendas sinistradas.

Artigo 9. Comisión interministerial.

1. Créase unha comisión interministerial para aplicación das medidas establecidas no presente real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e integrada por representantes da Presidencia do Goberno e dos Ministerios de Economía e Facenda; do Interior; de Fomento e Administracións Públicas, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

2. A determinación de danos e a avaliación xeral das necesidades que se pretenden coas medidas previstas no presente Real Decreto Lei serán levadas a cabo pola Comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma e coa Delegación do Goberno.

Artigo 10. Convenios de colaboración.

A Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e, se é o caso, as corporacións locais dos municipios de Albudeite, Campos del Río e Mula poderán subscribi-los convenios de colaboración que resulten necesarios para a aplicación das medidas previstas no presente Real Decreto Lei.

Disposición adicional primeira.

As administracións intervenientes no financiamento das axudas previstas no presente real decreto lei resérvanse a facultade de control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade delas, de conformidade co previsto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria e disposicións complementarias.

Disposición adicional segunda.

O establecido no presente real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ó amparo do seu Estatuto de autonomía.

Disposición derradeira primeira.

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias para a execución do establecido no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda.

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ